

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 6 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se dá publicidade da resolución pola que se outorga a autorización ambiental integrada a Finca Bosqueval, S.L. para a explotación avícola de produción de ovos campeiros en Monte Estraviz, no concello de Curtis (A Coruña) (expediente 2020-IPPC-I-5).

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE número 316, do 31 de decembro), e no artigo 42 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE número 296, do 11 de decembro), dáselle publicidade á seguinte resolución:

Instalación: explotación avícola de produción de ovos campeiros en Monte Estraviz	Procedemento: autorización ambiental integrada
Titular: Finca Bosqueval, S.L.	
Localización: concello de Curtis (A Coruña)	Expediente: 2020-IPPC-I-5

Esta resolución poderá consultarse en <https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada>, ou presencialmente na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, rúa de San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

